



ACTA Nº 2019/13
SESIÓN PLENARIA

ACTA Nº 2019/13

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

=

MARTES 15 DE OUTUBRO DE 2019.



ACTA Nº 2019/13

Asistentes:

PRESIDE:

FERNANDO JAVIER PÉREZ
FERNÁNDEZ

ASISTEN:

BNG
ÁLVARO XESÚS GARCÍA FREIRE
JOSE ANTONIO COTOS SEOANE
MARTA GARCÍA SÁNCHEZ
PP
JOSÉ DAVID PINTOR PAZO
ÓSCAR VÁZQUEZ CORRAL
JOSE EMILIO MAHÍA NEIRA

JESÚS GÓMEZ GARCÍA

MARÍA DEL CARMEN TORREIRO
COTOS

AUSENCIAS:

NON SE CONTA CON NINGUNHA
AUSENCIA

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA
CELEBRADA POLO PLENO DESTE
CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O
MARTES 15 DE OUTUBRO DE 2019.**

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 13:30 horas, baixo presidencia do señor alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria do Pleno da Corporación. Non hai ningún cidadán presente en calidade de público.

A continuación pasouse ao estudo da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, das actas das sesión anteriores.
2. Dación de contas dos decretos de Alcaldía e dos posibles reparos.
3. Dación de contas dos acordos da XGL e dos posibles reparos.
4. Aprobación definitiva das Bases Reguladoras das subvencións en apoio da natalidade.
5. Mocións presentadas polos grupos políticos.
6. Rogos e preguntas.



1. Aprobación, se procede, das actas das sesión anteriores:

Apróbanse por unanimidade as actas das sesión 09/2019, 10/2019 e 11/2019 co comentario do concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire de revisar se as actas 07/2019 e 08/2019 están aprobadas.

2. Dación de contas dos decretos de Alcaldía e dos posibles reparos:

Dase conta por parte do señor Alcalde deste Concello, don Fernando Javier Pérez Fernández, dos decretos de Alcaldía dictados dende o 9 de agosto de 2019 ata o 8 de outubro de 2019.

A petición do concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire, en interpelación ó secretario – interventor deste Concello, don Ricardo Garrido Caneda, explícase o réxime xurídico dos reparos segundo se recolle na normativa vixente.

3. Dación de contas dos acordos da XGL e dos posibles reparos:

Dase conta por parte do señor Alcalde deste Concello, don Fernando Javier Pérez Fernández, das actas das sesión da Xunta de Goberno Local 06/2019 a 18/2019.

Acórdase que conste en acta a inexistencia da acta da sesión 14/2019 debido a un borrado no xestor de expedientes sen maior transcendencia en tanto que non contiña ningunha convocatoria previa.

4. Aprobación definitiva das Bases Regulatoras das subvencións en apoio da natalidade:

EXPTE TEDEC: 2019/A002/000001.

Visto o terceiro acordo da sesión ordinaria do Pleno deste Concello, celebrada o xoves 8 de agosto de 2019, o cal se transcribe a continuación:

“Vista a necesidade de favorecer o asenamento de poboación e o establecemento de mecanismos que favorezan a natalidade no concello de Vilasantar, afectado por un fenómeno de despoboamento común ó conxunto do mundo rural.

Visto que esta necesidade se ve contrastada cos datos obrantes no expediente relativos ós nados e nadas nos últimos cinco anos e nos meses que xa transcuriron no presente exercicio, os cales uman un total de 20 novos inscritos por nacemento no concello de Vilasantar.

Visto o réxime xurídico das subvencións, recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na súa normativa de desenvolvemento, así como na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento.

Visto o apartado segundo do artigo 17 da referida Lei 38/2003, no cal se establece que



as bases reguladoras das subvencións das corporaciones locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

Visto que esta última opción foi a escollida no seo deste procedemento e que as referidas bases se atopan recollidas no expediente administrativo e fiscalizadas favorablemente polo secretario interventor do concello de Vilasantar.

Visto que o órgano competente para a aprobación destas bases reguladoras é o Pleno da Corporación segundo establece a letra d do apartado dous do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Visto que o procedemento de aprobación das bases reguladoras das subvencións a través dunha ordenanza específica se atopa recollido no artigo 49 da referida Lei 7/1985.

Á vista do expediente, o Pleno deste Concello acorda:

Primeiro: Aprobar inicialmente as bases reguladoras das subvencións en apoio da natalidade do concello de Vilasantar.

Segundo: Se de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente e se proceda á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña ós efectos de información pública e audiencia ós interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias”.

Visto que as referidas bases reguladoras se remitiron, para a súa publicación, ó Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Visto que dita publicación foi realizada o lúns 19 de agosto de 2019, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 155.

Visto que o prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias rematou o pasado lúns 30 de setembro.

Visto que non se tiveron cursado rexistros de entrada con anterioridade a esa data e dentro do referido prazo de presentación e suxerencias en relación á aprobación inicial das bases reguladoras das subvencións en apoio da natalidade do concello de Vilasantar.

Visto que o artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local establece que no caso de que non se tivera presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata ese momento provisional.

Á vista do expediente, o Pleno deste Concello acorda, por unanimidade:

Primeiro: Aprobar definitivamente as bases reguladoras das subvencións en apoio da natalidade do concello de Vilasantar.



Segundo: Se de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.

5. Mocións presentadas polos grupos políticos:

Antes do inicio deste punto, a concellería do BNG, dona Marta García Sánchez, abandona a sesión plenaria voluntariamente excusándose por motivos de índole persoal.

5.1.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE A BATERÍA DE MEDIDAS PARA DEFENDER OS INTERESES DA VECIÑANZA FRONTE AS AMEZAZAS ENERXÉTICAS:

Jose Antonio Cotos Seoane, Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ó abeiro do disposto no artigo 97 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte MOCIÓN sobre a batería de medidas para defender os intereses da veciñanza fronte as ameazas enerxéticas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Hai máis dun ano distintos Concellos dirixíronse á Xunta coa proposta “O pleno da corporación municipal insta á Consellería de Economía, Emprego e Industria a que reforme o Plan Eólico de Galiza nos termos reflectidos na declaración institucional realizada polos Concellos de Ordes, Oroso, Frades e Mesía; procurando ademais un incremento considerable das distancias dos aeroxeradores ás delimitacións de chan de núcleo rural, urbano ou urbanizable.

Este razoamento baséase en que antigamente os aeroxeradores que se instalaban cando se aprobou a lexislación en vigor, eran dunha potencia de entono a 660 KW, mentres que na actualidade estanse proxectando parques eólicos con aeroxeradores de 3.465 MW de potencia; cunha altura de torre e un impacto moito maior, polo que é fácil comprender que se deberán revisar e incrementar considerablemente as distancias esixidas.

Pasado máis dun ano, ollamos por una banda como o goberno da Xunta de Galiza non fixo absolutamente nada ó respecto, a pesar das solicitudes de distintos Concellos, e agora mesmo por outra banda obsérvanse novos movementos para a implantación de parques eólicos no noso Concello.

É polo que compre actuar axiña e procurar acadar o incremento das citadas distancias cos instrumentos de ordenación sobre os que temos plena competencia, establecendo una ordenanza reguladora que obrigue a incrementar ditas distancias no noso Concello.

Ademais creemos convinte estudar a supresión da posibilidade de bonificación no imposto sobre construción, instalación e obras (I.C.I.O.) no caso das instalación de produción e/ou transporte de enerxía, debido ó impacto negativo que teñen sobre o medio e as problemáticas que xeran á veciñanza.



É polo que proñemos ó Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

1.- O Pleno da corporación municipal insta ó Alcalde de Vilasantar a que de urxencia, impulse una modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do concello de Vilasantar, co gallo de establecer una ordenanza reguladora que incremente as distancias esixidas para as instalación de produción de enerxía ás delimitacións de chan de núcleo rural, urbano ou urbanizable, excluindo desta esixencia as instalacións domésticas, ou aquelas que o pleno estime oportunas por acordó unánime.

2.- O pleno da corporación municipal manifesta a súa intención de incluír a ordenanza citada no punto anterior no Plan Xeral de Ordenación Municipal que se atopa en tramitación.

3.- O pleno da corporación municipal insta ó Alcalde de Vilasantar a convocar ós grupos da corporación municipal para estudar a posibilidade de modificar a ordenanza fiscal de construción, instalación, e obras (I.C.I.O.), de cara á supresión da posibilidade de bonificación ás instalacións de produción e transporte de enerxía, debido ó importante impacto que teñen sobre op medio e a poboación.

Tras a lectura por parte do señor Alcalde deste Concello, don Fernando Javier Pérez Fernández, da citada moción presentada polo grupo municipal do BNG pasa a comental-la, respostando ás peticións incluídas na moción en sentido negativo.

A continuación, e unha vez rematado o debate e sen solicitarse máis usos de palabra procédese á votación da moción orixinal, sen emenda de engádega, supresión ou transacción, presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, co resultado de 2 votos a favor, 6 votos en contra e 0 abstencións. Constatase una ausencia, a xa referida da concellería do BNG, dona Marta García Sánchez.

5.2.- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE VILASANTAR PARA O ARRANXO DA ESTRADA DE TITULARIDADE PROVINCIAL DP-3205 PRÉSARAS A CARREGOSA.

O grupo municipal popular no Concello de Vilasantar, conforme ó previsto no regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, eleva ao pleno municipal a seguinte moción

Exposición de motivos

A estrada DP-3205, Présaras – A Carregosa, forma parte da rede provincial de estradas da Deputación da Coruña. Comeza no núcleo de Présaras e atravesa ao longo de 8.900 metros parte do noso concello ate chegar ao límite con Sobrado dos Monxes á altura do lugar de O Seixo.

Percorre catro das sete parroquias do Concello de Vilasantar: Présaras, Vilariño, Armental e San Vicente e por ela accédese a distintas parroquias dos concellos de Sobrado e Curtis.



Dita estrada conta cun ancho de plataforma entre os 4 e os 5 metros, insuficiente para o tránsito seguro de vehículos en ámbolos dous sentidos; carece tamén de arcéns para os peóns; o noso Concello é gandeiro e forestal e polo tanto conta con un importante parque de maquinaria pesada.

Na estrada, de riego asfáltico, actualmente atópanse blandóns, descarnado de bordes, descarnadura e peladuras en zonas localizadas superficialmente, baches lixeiros, deformacións... o que todo isto provoca unha mala conducción e mesmo perigosa debido aos continuos "saltos".

O mantemento por parte da Deputación da Coruña é mínimo, limitándose á limpeza das cunetas e tapados puntuais de baches; entendemos que a millor solución sería a ampliación do ancho da calzada a un mínimo de 6 metros (tres en cada sentido de circulación), meter unha nova capa de rodadura con MBC (aglomerado) como reforzo da xa existente, evitando así o aumento previsible dos costes de conservación ordinaria e por outra, conseguir unha millor resposta do pavimento actual fronte ao tráfico rodado, lixeiro e pesado, que soporta o vial en cuestión; para os peóns dotaríase con un arcén dun metro e medio tipo senda peonil.

A actuación solicitada comezaría no PK 1+300 (Cruce de Abeleiras) e chegaría ata o PK 8+900 (límite con Sobrado); serían 7.600 metros de actuación. Poderíase facer todo xunto ou en tres tramos: 1-Cruce Abeleiras ata Cruce a Vilasantar (2.700 metros); 2-Cruce a Vilasantar – Local social de San Vicente (3.000 metros); 3-Local social San Vicente – Límite Sobrado (1.900 metros).

Este grupo municipal entende que dita estrada a día de hoxe non é segura nin para os condutores nin para os peóns, por todo o exposto, presentamos ao pleno da corporación do Concello de Vilasantar a adopción do seguinte:

ACORDO

1. Instar á Deputación de A Coruña a que elabore un "proxecto de acondicionamento da estrada provincial DP-3205, Présaras-A Carregosa" no cal se amplíe o ancho da calzada a un mínimo de 6 metros con tratamento de aglomerado para os vehículos e unha senda con un mínimo de 1 metro e medio para os peóns.

2. Dotar da partida presupuestaria correspondente.

3. Comezar a executar na anualidade 2020."

O concelleiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Álvaro García Freire, toma a palabra e manifesta o voto favorable do seu grupo municipal á moción presentada polo grupo popular e aporta toda unha serie de datos sobre as actuacións e compromisos previos da Deputación sobre o asunto en cuestión.

O Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, respóstalle planteando as queixas que estima pertinente en referencia á realidade das actuacións da Deputación e amosa un informe técnico respaldando ditas queixas.



A continuación, e unha vez rematado o debate e sen solicitarse máis usos de palabra procédese á votación da moción presentada polo grupo municipal popular, que é apoiada por unanimidade.

6. Rogos e preguntas:

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego formula as seguintes preguntas:

6.1.- Na pista que vai a Santamariña fíxose una ampliación da rede de auga que vai a una edificación. Quen realizou a obra? É una obra municipal? Si é una obra municipal, cales son os motivos de dita obra?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández explica que a ampliación da rede de auga é maior e máis extensa. As obras son municipais e realizáronse a instancia da Alcaldía.

O portavoz do grupo municipal do BNG, don Jose Antonio Cotos Seoane, pregunta o motivo polo cal se realiza a conducción de auga a una ruina.

Ante esta nova pregunta, o Alcalde contesta que non se trata dunha ruina.

6.2.- No seu momento o concello de Vilasantar iniciou un expediente polo cerre de parcelas contra Rafael Juanatey, de quen foi a iniciativa do inicio do expediente?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, explica que a iniciativa foi da Alcaldía como consecuencia de queixas dos vecinos colindeiros.

O portavoz do grupo municipal do BNG, don Jose Antonio Cotos Seoane, solicita que conste en acta desta sesión plenaria que el e o señor Alcalde nunca trataron este tema con anterioridade.

6.3.- Tivemos acceso ó expediente do amaño do muro na pista da igrexa de San Vicente detectando que o expediente está incompleto. Existe informe técnico da obra? Existe orde de traballo? Quen aceptou a factura e o traballo? Solicitouse permiso a patrimonio?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, contesta explicando que se aproveitaron as obras de concentración parcelaria para mellorar a zona.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, don Álvaro Xesús García Freire, opina que debера terse feito unha memoria por parte do técnico municipal de urbanismo, remitíndoa a Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia e solicitar medidas correctoras. Opina que as obras non se fixeron da forma que a normativa vixente establece.

O señor Alcalde contéstalle que nada no transcurrir da referida obra se realizou de forma ilegal.

Durante o debate desta pregunta prodúcese una discusión entre o concelleiro do grupo municipal do BNG, don Álvaro Xesús García Freire, e o concelleiro do grupo



municipal popular, don José David Pintor Pazo, sendo este último chamado á orde tres veces por parte do señor Alcalde e finalmente expulsado do Pleno.

6.4.- Un bando da Alcaldía informa que como consecuencia da falta de precipitacións nesta época do ano, os depósitos municipais teñen problemas de augas. Cal é a situación dos depósitos? Que medidas se pensan tomar para solucionar esta carencia de auga?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, procede a dar lectura do referido Bando e asegura que se emite un bando igual ou similar cunha periodicidade anual. A continuación dase conta do estado dos catro depósitos e futuras mediadas relaticas á distribución de auga na zona de San Vicente.

A continuación, plantéxanse os seguinte rogos por parte dos concelleiros do grupo municipal do BNG:

Demándase explicación da falta de publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no momento de publicación do acordó definitivo do orzamento municipal do exercicio 2019, da plantilla de persoal. Cotéstase que non é preciso en base ó artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004 (TRLRHL).

Solicítase que en momentos de incidencias coa auga, como o caso de episodios de auga turbia na zona de Mezonzo, se avise ós vecinos afectados da situación e das medidas para porlle solución.

Pregúntase polo convenio SEAGA-FEGAMP de limpeza de franxas, dándolle cumprida resposta o señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández,

En relación á depuradora dase aviso da detección de fortes olores procedentes da mesma e pregúntase se é consciente desta situación e, de ser así, cales van a ser as medidas para solucionar-lo. O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, responde que se acaba de facer a oportuna inspección e que se procederá á revisión

Ás 14:50 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Vilasantar, venres 13 de decembro de 2019
O secretario, Ricardo Garrido Caneda
Visto e praxe, O alcalde, Fernando Pérez Fernández